

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día catorce de xullo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE XULLO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xullo de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de xullo de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 23 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases do certame Bibliotecas que inspiran, de recoñecemento ás iniciativas bibliotecarias de Galicia, e se convoca para o ano 2026 (código de procedemento CT237A). DOG número 127, do 09-07-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 3 ao 9 de xullo 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 520/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 529/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
520/2026	03-07-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato baseado dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial. Prorrogar un ano máis, ata o 4 de xullo de 2027, o contrato baseado dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial adxudicado á entidade "Zúric Insurance Europe AG/AG, Sucursal en España", a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), cunha prima total anual de 41.824,91 € e unha franquía xeral de 1.500 euros
521/2026	03-07-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2026
522/2026	06-07-2026	Aprobar as facturas por un importe total de 16.891,44 euros
523/2026	07-07-2026	Declarar o cese por xubilación do funcionario de carreira MÁMS con efectos do 05 de xullo de 2026, de conformidade cos artigos 67.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 205 e Disposición transitoria sétima do Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro
524/2026	06-07-2026	Avocación de competencias da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo dona Patricia Esther Espiñeira Galán o día 8 de xullo de 2026
525/2026	09-07-2026	Acceder ao solicitado e remitirle a MDPL a seguinte documentación: - Informes emitidos pola intervención e pola secretaría municipais nos expedientes de contratación relativos ao "servizo de organización de campamentos de verán para nenos e mozos promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre" e "servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal "Castros do Bosque" Propostas elevadas á Xunta de Goberno Local en relación cos citados expedientes
526/2026	09-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a construción dun centro de transformación na parcela sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás execución dunha canalización de 51,80 metros lineais

		para o tendido dunhas liñas subterráneas de media e baixa tensión, destinadas, xunto co centro de transformación, a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á nave sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás. Solicitante: D, S.L.
527/2026	09-07-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de dous postes de fibra co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar da Lapa, , parroquia de Sta. María de Vigo. Solicitante: T de España, SAU
528/2026	09-07-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MdelpDBdeC propietaria da finca sita en lugar de Fraís, Cecebre para a poda e tala, respectivamente, das pólas e árbores que se inclinan sobre a vía pública e que voan así mesmo sobre a parcela da SdelyRlaJde Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
529/2026	09-07-2026	Desestimar as alegacións presentadas polo interesado o día 19 de maio de 2026. Impoñer a FJML unha multa coercitiva por importe de 1000,00 €, ao terse constatado o incumprimento da resolución da alcaldía número 1273/2025, de data 19 de decembro de 2025, pola que se ordenou a demolición das obras realizadas na parcela sita en Roncesvalles, Brexo-Lema, consistentes na instalación dunha caseta de madeira sen título habilitante, ao tratarse dunha construción auxiliar, carecendo a parcela na que está situada da correspondente edificación principal, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, reiterables mensualmente, ata acadar o cumprimento total da citada orde de demolición

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, pregunta que previsión hai de que se comece co río; ao que a Sra. presidenta intervén e manifesta que a previsión é comezar xa, canto antes.

A seguir, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, manifesta que xa que acaban de asfaltar a estrada da Estación en varios tramos, o tramo de beirarrúa que hai na ponte en dirección ao instituto, deixaron máis baixa a beirarrúa; que cre que a solución é un paso elevado no paso de peóns, porque por el pasa moita xente e a beirarrúa ten que ir por encima da estrada, polo que roga que se solicite.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo